

Actualidade > Ficha da nova

Ficha da nova

Enviar comentario

As Festas do San Froilán fan memoria de medio século

A cidade de Lugo reflíctese no espello do tempo pasado. No Círculo de las Artes de Lugo, ás 19:30 horas, nun acto organizado pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, coa colaboración da Concellaría de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, terá lugar a "Letra das Festas. Historias do San Froilán de hai 50 anos", onde se falará de músicas, atraccións e espectáculos, persoeiros, anécdotas... A entrada será libre e gratuíta. As lembranzas musicais dos convidados contarán co acompañamento musical de Sito Sedes e o pianista Sergio del Castillo nun acto coordinado e presentado por Isidro Novo e Antonio Reigosa.



Cultura • 10/10/2013 • Autor: Redacción

Na actividade participarán doce persoas nadas ou residentes en Lugo desde hai moitos anos:

- Adela Figueroa, profesora e escritora.
- Alfonso Blanco Torrado, crego e activista social.
- Xerardo Pardo de Vera, avogado, actor e antigo batería do histórico grupo de música pop "Los Pekenikes".
- Manuel Pajón, músico, baixo desde 1969 a 1980 da "Calú 96", histórica orquestra de Lugo que amenizou o San Froilán moitos anos.
- M^a Concepción López Fernández, que achegará lembranzas de cando era a nena.
- Pilar Yáñez Lombardía, foi mestra ata que unha enfermidade a deixou sen vista con apenas 49 anos.
- Felipe Arias, arqueólogo e historiador, director do Museo do Castro de Viladonga.
- Xesús Regueiro, responsable da Galería Sargadelos de Lugo
- Jorge Chao, foi concelleiro do PP e directivo do baloncesto en Lugo moitos anos.
- Higinio Martínez Fernández de la Vega, funcionario xubilado, avogado, sobriño-neto de Celestino Fernández de La Vega.
- Suso Arrizado, antigo traballador na térmica das Pontes e en Alúmina, dedicado ao sindicalismo nacionalista desde mozo.

-Xosé López, mestre xubilado, natural de Guntín, que lembra as súas visitas ao san Froilán cando era neno.

A fermosa fotografía que ilustra o cartel de convocatoria deste acto (Comendo o polbo no San Froilán de 1970) é da autoría do veterano fotógrafo Carlos Valcárcel.

Na parte musical interveñen Sito Sedes, unha das voces con máis personalidade da música galega do último medio século, acompañado ao piano por Sergio del Castillo, músico cubano afincado en Galicia desde 1994, que interpretarán temas de moda das décadas dos 50 e 60 do pasado século. A presentación irá da man de Isidro Novo e Antonio Reigosa, membros da sección de literatura de tradición oral da AELG.

[Antonio Reigosa, da AELG, comenta o desenvolvemento da Letra das Festas do San Froilán](#)

< VOLTAR